

## ACTA DO CONSELLO DE GOBERNO DO 26 DE ABRIL DE 2018

**Lugar:** Sala do Consello de Goberno, Reitoría da UDC

**Hora:** Logo de comprobar a existencia de quórum, ás 09:40 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico, don Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**.

**Ausentes:** escusan a súa ausencia Anxo Calvo Silvosa, María Jesús Lorenzo Modia e Pedro Gil Manso.

### 1. Informe do reitor

Toma a palabra o **reitor** para, en referencia ás eleccións realizadas nas universidades de Vigo e Santiago de Compostela, darlles os parabéns aos novos reitores e recoñecer o traballo realizado polos saíntes, expresando o desexo de que se manteña a colaboración coa UDC.

Alégrase do anuncio de que a Xunta de Galicia vaia conxelar, por sétimo ano, as taxas dos estudos de grao e mesmo rebaixar as dos mestrados profesionalizantes, dos que a UDC ten 18. Con todo, manifesta que esa decisión require negociar coa Xunta a compensación que as universidades deben recibir.

Deu conta da realización, o día 25 de abril, dunha reunión na sede do MEDC sobre o impacto da nova lei de contratos do sector público nas universidades, con participación do xerente e do secretario xeral. Recoñece que o impacto da nova lei fará que 2018 sexa un ano complexo desde o punto de vista da xestión económica, polo menos en tanto non se esclareza de que xeito se realizará a adaptación ás novas esixencias.

Dálle a palabra ao **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** que informou dos asuntos seguintes:

- 02/04/2018 Reuniuse a Comisión de Quinquenios co fin de realizar a proposta de resolución das solicitudes de avaliación do ano 2017. Remitiuse para informe a proposta da comisión á Xunta de Persoal e ao Comité de Empresa.
- 06/04/2018 Publicouse na Sede Electrónica da UDC a relación definitiva de áreas de coñecemento onde se convocaran as prazas de catedrático de universidade e titular de universidade correspondentes á OEP 2018. O 13/04/2018 publicouse unha corrección erros que afectaba a orde na prelación da listaxe de agarda de prazas de titular de universidade.
- 06/04/2018 Comunicóuselle ao todo o PDI e aos departamentos afectados o resultado da execución da OEP 2018 unha vez rematado o anterior proceso.



– 12/04/2018 Autorizouse de urxencia o cambio de dedicación de P06 a P05 dunha profesora asociada da área de coñecemento de Historia da Ciencia do Departamento de Ciencias da Saúde, debido á necesidade de axustar a súa dedicación co fin de que a Xunta de Galicia poida autorizar a compatibilidade co seu outro posto no sector público.

– 25/04/2018 O profesor Manuel Andrés Soage Quintáns, da área de Matemática Aplicada, solicita do Consello de Goberno unha autorización de licenza de máis de 3 meses para poder regularizar nun prazo de 10 días á súa solicitude de financiamento para unha estancia no MIT, entre o 1/7/2018 e o 11/10/2018, co 100 % de retribucións en todo o período dado que o mes de agosto non computa.

Intervén seguidamente o **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia**, que informa sobre os seguintes asuntos:

– Axudas Beatriz Galindo: o sábado 7/04/2018 publicouse no BOE a Orde ECD/365/2018, do 23 de marzo, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte pola que se aproban as bases para a concesión e se convocan as axudas Beatriz Galindo. Trátase dunha convocatoria de axudas inédita que pretende promover o fortalecemento institucional das universidades a través da incorporación de talento investigador que desenvolvese parte da súa carreira profesional en centros de investigación e universidades estranxeiras. As universidades poderán solicitar ata un máximo de 5 axudas Beatriz Galindo. Prestaráselles especial atención ás propostas que contribúan á consolidación dos campus de excelencia internacional existentes. As axudas articularanse en forma de contratos como investigador distinguido durante un período de 4 anos de duración baixo unha das dúas modalidades (sénior e júnior) que sería co-financiada polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a Universidade. Cada solicitude deberá ir acompañada da descrición do proceso que seguirá a universidade para integrar o investigador no seu cadro de PDI tras a finalización da axuda, de acordo coa normativa que sexa de aplicación. Para poder determinar a participación ou non da nosa universidade na convocatoria, é importante determinar a existencia de iniciativas colectivas que identifiquen ámbitos de investigación+docencia singulares e con capacidade para atraer candidatos competitivos que cumpran os criterios do programa. As vicerreitorías de profesorado e investigación fixemos unha chamada conxunta aos departamentos, centros, institutos ou grupos de investigación da UDC potencialmente interesados en ofertar unha praza nesta convocatoria, os cales deberán enviar unha manifestación de interese antes do luns 7 de maio ás 14.00 h. Unha vez feita a selección de candidaturas, proporase a súa aprobación pola Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno.

– Agrupacións estratéxicas: segundo nos informan da Secretaría Xeral de Universidades, no vindeiro mes de maio sairá unha nova convocatoria de agrupacións estratéxicas. Desde esta vicerreitoría estamos colaborando coa



preparación de tres candidaturas, ligadas aos centros de investigación CICA (neste caso sería de consolidación), CITEC e CIT de Ferrol. Xa se mantiveron distintas reunións cos grupos de investigación interesados destes centros para preparar unha proposta competitiva.

– CIS GALICIA: por parte do GAIN están a nos ofertar a posibilidade de ocupar espazos nos locais do CIS de Ferrol con grupos de investigación da UDC interesados. Xa se levaron a cabo distintas visitas ás instalacións e ofertóuselles aos grupos do Campus Industrial de Ferrol esta posibilidade. Neste momento estamos á espera de mostras de interese dos grupos aos que se lles propuxo. A idea sería que aqueles grupos que queiran ocupar estes espazos poidan facer o traslado antes do mes de setembro, logo de asinar o correspondente convenio entre a Xunta de Galicia e a UDC para este uso compartido de espazos.

– Xornada conxunta CICA-CITIC: o pasado xoves 12 de abril nas instalacións do CITIC tivo lugar a I Xornada de Colaboración entre a agrupación estratéxica CICA-INIBIC e o CITIC co obxectivo de poñer en común posibles áreas de traballo entre estes centros de investigación e promover futuras colaboracións. Na primeira parte da xornada fixéronse breves presentacións de cada un dos grupos participantes e a segunda parte estivo orientada ao *networking* entre os asistentes. A raíz desta interesante xornada de traballo estanse a facer colaboracións conxuntas multidisciplinares entre distintos grupos adscritos a estes centros de investigación.

A **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** deu conta ao Consello dos asuntos seguintes:

– O día 6 de abril tivo lugar unha rolda de prensa para presentar o grao en Paisaxe, en que me acompañaron o meu homólogo na USC, Roberto López, a coordinadora do título pola UDC, Cristina García Fontán e a coordinadora pola USC. Así mesmo, o pasado 12 de abril realizouse unha rolda de prensa no campus de Ferrol para a presentación do grao en Xestión Industrial de Moda e os mestrados que se impartirán o vindeiro curso: Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos, e Enxeñaría en Deseño Industrial. Nestes últimos días tanto a vice-reitora do Campus de Ferrol coma min estivemos a dar entrevistas en distintos medios para presentar e difundir as novas titulacións.

– Todos os títulos que se presentaron este ano para a súa verificación recibiron xa informe favorable por parte da ACSUG.

– Estamos á espera da resposta da Secretaría Xeral de Universidades a un escrito que lle remitimos para responder ás aclaracións que nos solicitaron, referidas, entre outras cuestións, ao descenso ou incremento de prazas nalgunha titulación ou a algunha simultaneidade de estudos.

– O pasado día 18 de abril publicouse a listaxe definitiva de propostas MOOC admitidas e excluídas. Desde a Unidade de Teleformación estase xa a traballar co profesorado implicado nos 5 MOOC seleccionados.

De por parte, a **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión universitaria** informou dos temas que a seguir se indican:

– A Unidade de Emprego desenvolveu o Programa de Mellora da Empregabilidade na súa 3ª edición que consta de tres módulos: Módulo I (trata sobre a posta en práctica dunha idea empresarial e temas relacionados co emprendemento), Módulo II (orientación laboral sobre os procesos de selección das empresas) e Módulo III (desenvolve tanto temas de orientación laboral como de emprendemento).

– Hoxe no campus de Ferrol nesta actividade pertencente ao Módulo III participan responsables de selección de grandes empresas de Ferrolterra que falan acerca de como se enfrontar aos procesos de selección das empresas en xeral e, en particular, nos casos de Navantia e Reganosa, cales son as competencias máis solicitadas para o colectivo universitario e como as demostrar. Tamén resulta motivadora a actividade para aquelas persoas universitarias que estean interesadas na inserción laboral a través da posta en práctica dunha idea empresarial polas achegas e exemplos directos de persoas experimentadas neste modelo de inserción.

– Por outra banda, hai que salientar que estudantes da Universidade da Coruña participaron nos Campionatos de España Universitarios nas disciplinas de judo e atletismo. En judo, no Campionato que se realizou na Universidad de Oviedo, en Mieres, a UDC obtivo dous ouro, dous bronce e dous quintos postos: Álex Sanmartín O100, OURO; Sergio Trillo U100, OURO; Guille Cadenas U90, BRONCE; Miguel Riopedre U60, BRONCE; Zaira Bermúdez, 5ª; Tomás Mucientes, 5º. No de atletismo, celebrado en Andújar e organizado pola Universidad de Jaén, obtivo unha medalla de prata en 100 metros vallas Antía Martínez Queimaño. Cabe destacar o cuarto posto de Anxo Blanco en triplo salto por detrás dos tres plusmarquistas españois absolutos. Todos os atletas da UDC estiveron nas finais das súas respectivas probas, entre os oito mellores deportistas de España. Os resultados son os seguintes: Antía Martínez Queimaño Prata 100 m.v.; Paula Iglesias en 400 m.l. sexta; Javier García 100 e 200 metros lisos sexto; Javier Cancela 100 metros lisos sétimo; Anxo Blanco triplo salto, cuarto. Ao anterior hai que lle sumar aínda unha medalla de bronce en voleibol feminino.

– Respecto das actividades realizadas na Sección de Cultura, este ano a Aula de Danza NORMAL da Universidade da Coruña e os seus grupos de produción Danza Normal e Danza Ferrol celebran o seu 10º aniversario facendo unha revisión das trece pezas feitas ata o momento. O festival desenvolveuse os días 3 e 4 de abril en NORMAL, no campus de Riazor; o 5 de abril no Teatro Jofre de Ferrol e os días



11 e 12 de abril no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Ademais dos grupos de danza da UDC asistiron os grupos da USC do campus de Lugo e de Santiago de Compostela e o grupo Doutras do campus de Ourense da Universidade de Vigo. Un total de 6 compañías universitarias para celebrar esta data tan especial.

– O 16 de maio, ás 20:00 h. inaugúrase a exposición ÉXODO, comisariada por Patricia Muñiz. O relato expositivo está baseado na Tese de Patricia sobre as persoas refuxiadas no mundo, para denunciar a situación das persoas sirias, con base nos campos de refuxiados e a arquitectura de emerxencia.

– Comezamos co proxecto «Conversas coa dirección», trátase dunha cita mensual con directoras/es de cine e documentais. Tras ver unha obra, os espectadores poderán conversar durante 30 ou 45 minutos co director ou directora sobre a realización, o argumento, as solucións técnicas etc. Comezan o 7 maio en Ferrol e o 8 maio na Normal con Álvaro Gago que presenta *Matria*.

– Para rematar informa das resolución definitivas das axudas da UDC para xornadas divulgativas e ciclos de conferencias 2018 e Axudas para cursos de verán da UDC. Tamén de que se publicou a resolución definitiva da convocatoria SICUE que permite a mobilidade entre universidades españolas.

**O vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** informou dos seguintes temas:

– Do envío da primeira certificación do RAM (Reforma, ampliación e mellora) do 1 xaneiro ao 15 de marzo de 2018 (185 783,38 €).

– Do cobro do IVE por investigación do ano 2016 o cal ascendeu a 489 306,20 €.

– Xa se está a realizar a valoración de bens inmobles de Bastiagueiro e continuarán cos de Esteiro. No segundo semestre continuarase coa última fase nos campus de Elviña e A Zapateira.

– Vai ter lugar o primeiro ciclo de conferencias cun formato de xornadas de investigación e transferencia do Campus da Sustentabilidade. Estas conferencias vanse centrar na planificación sustentable das cidades e serán impartidas por Jennifer Senick, directora do Centro para as Infraestruturas Verdes da Universidade de Rutgers (Estados Unidos) e nas políticas para a mitigación do cambio climático por parte de Dr. Nick Pearce, director do Instituto de Políticas Públicas da Universidade de Bath.

– Do 16 ao 18 de maio vai ter lugar un Simposio Europeo titulado «Transformación das cidades e mellora do benestar nas cidades a través da innovación baseadas na natureza» que se realizará na Fundación Barrié de la Maza.



– Continuou o programa Educando para a Sustentabilidade con obradoiros nos CUR o pasado fin de semana (13 e 14 de abril). Este é un programa que está recibindo moita expectación entre todas as persoas asistentes ás xornadas.

– Imputacións e validacións de expedientes de gasto:

Imputacións:

- Informes V-007-18; V-008-18; V-009-18; por importe de 963 335,76€

Total imputado: 963 335,76€

Validacións:

- Informe C-003-18 do 20/04/2018 por importe de 1 123 447,54 €

Total validado: 1 123 447,54 €

– O pasado 6 de marzo no marco do Programa Educando para a Sustentabilidade en colaboración coa Fundación Alcoa, tivo lugar a conferencia «Cambio Climático» con máis de 120 persoas no CUR. Continuou o día 13 co programa Educando para a Sustentabilidade na Facultade de Ciencias da Educación con case douscentos alumnos e o día 15 coa presentación oficial na Oficina de Prensa da nosa Reitoría. Este é un programa que está xerando moita expectación entre todas as persoas asistentes ás Xornadas. Continuaron as xornadas de Bioconstrución.

A seguir, o **xerente** fixo referencia á aplicación da nova LCSP, indicando que coa Instrución do 24 de abril de regulación da contratación menor (a única que polo momento se pode aplicar) se trata de impedir a paralización da actividade económica da UDC. Insiste tamén na obriga de programar anualmente as necesidades de contratación en cada centro de gasto ben como na de motivar as necesidades de contratación, sinalando para que é necesario contratar e por que se acode a un determinado procedemento de contratación. Sinalou tamén a diferenza entre gasto menor e contrato menor e explicou as exclusións establecidas nesa instrución. De resto, acrecentou, a limitación do contrato menor será por obxecto, entendendo por tal a clasificación económica do gasto a nivel de subconcepto. Informa de que tamén se publicaron modelos de solicitude de inicio do procedemento de contratación e de que están accesibles ferramentas de control de gasto por provedores. Finalizou confiando en que a instrución estableza a actividade de contratación na UDC ao tempo que se avanza na aplicación doutros procedementos e sistemas de racionalización previstos na LCSP.

A vicerreitora co Campus de Ferrol e Responsabilidade Social informou dos seguintes asuntos:

– O venres tivo lugar na Facultade de Humanidades e Documentación unha Xornada de Portas Abertas sobre o grao en Xestión Industrial da Moda, co fin de



informar directamente sobre esta nova titulación aos posibles estudantes. A Xornada contou cunha grande asistencia de público, tanto dos potenciais estudantes como das súas nais e pais. No acto participaron a coordinadora do grao e profesora da UDC, Marta Rey García, a directora do portal web líder en información económica do mundo da moda <https://www.modaes.es/>, Pilar Riaño Díaz periodista especializada na economía deste sector e José Antonio Conde presidente do Clúster da Moda de Galicia, Cointega. Con este clúster traballouse moi directamente para confeccionar o título.

– No campus de Ferrol estase a desenvolver un programa de actividades destinadas á proxección exterior do campus. Dentro destas iniciativas, o pasado sábado día 21 realizouse a segunda das visitas guiadas ao campus coas que, ademais de poñer en valor o patrimonio arquitectónico e de natureza, mostramos tamén o traballo de investigación que se fai nos laboratorios e talleres.

– Seguindo coa política de conseguir vías de colaboración que nos permitan prestar axudas desde distintos ámbitos á comunidade universitaria asinamos convenios de colaboración coa Cruz Vermella e coa Federación de Asociacións de Familiares de Persoas con Enfermidade Mental de Galicia.

– No primeiro caso imos poñer en funcionamento un punto de atención do Servizo Multicanal de Información e Prevención sobre Drogas para sensibilizar e asesorar os membros da comunidade universitaria e especialmente dirixidas ao alumnado. O lugar onde se instalará será no CUR no espazo onde está actualmente Querote +, xa que alternarán as súas actividades ao longo da semana.

– Coa Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia, FEAFES, tamén asinamos un convenio que ademais de lles permitir aos nosos estudante facer prácticas na dita federación, no caso de que os membros da comunidade universitaria se atopasen nunha situación problemática en relación coa súa saúde mental, poderían dirixirse ás instalacións de FEAFES Galicia para recibir asesoramento por parte dos seus profesionais.

– Tamén en relación coa UDC Saudable, hai que dicir que a Universidade da Coruña foi convidada a formar parte da Rede Iberoamericana de Universidades Promotoras da Saúde. Como esta adhesión é directa e gratuíta para as universidade integrantes da rede española de universidades saudables, da que somos membros desde o ano 2014 e moitas universidades desta rede tamén forman parte da rede iberoamericana, parécenos de interese poder compartir as nosas experiencias no ámbito da saúde nun ámbito máis global.

– Os días 24 e 25 do mes de maio a Universidade da Coruña, no campus de Ferrol, acollerá o Undécimo (11º) Encontro das Unidades de Igualdade das



Universidades Españolas. Ao longo deses dous días haberá mesas de debate en que se tratarán distintos aspectos relativos á igualdade de xénero nas universidades españolas. A catedrática da universidade e experta en xénero, Capitolina Díaz, presentará o informe sobre a brecha salarial nas universidades. E o encontro rematará cunha conferencia impartida pola profesora da UDC e directora do Centro de Estudos de Xénero e Feministas, Rosa Cobo.

– Informa de que recentemente se creou unha rede de colaboración interuniversitaria para a docencia e a investigación na educación superior con perspectiva de xénero en que participa a Universidade da Coruña a través da Oficina para a Igualdade de Xénero. O primeiro obxectivo desta rede é realizar un mapa de prácticas e recursos sobre a inclusión da perspectiva de xénero na docencia universitaria.

– Desde a Oficina para a Igualdade de Xénero remitirémolle un cuestionario ao persoal docente para que, de forma voluntaria, por suposto, comparta as experiencias e materiais docentes con perspectiva de xénero que veñan realizando.

– O venres 4 de maio ás 11:30 h, no salón de actos da Facultade de Economía e Empresa presentaremos a curtametraxe *Vida*, galardoada co premio á mellor curtametraxe galega no Festival Internacional de Vigo Primavera do Cine de 2017 e o documental asociado *Máis ca vida*. Virano presentar o seu director Rubén Riós e os dous protagonistas principais. Esta actividade enmárcase dentro do proxecto Espazo Compartido.

Por último, o **secretario xeral** informou da programación dun concerto da música coruñesa Sés para o día 14 de maio, dentro da celebración do Día das Letras Galegas na UDC.

## **2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión anterior**

Foi aprobada sen modificacións nin votos en contra.

## **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que nesta ocasión son 5 convenios marco, 11 convenios específicos e 93 convenios para prácticas e que son aprobados sen votos en contra.

## **4. Proposta de creación da spin-off «Phycosem Marine Agronomy»**

A proposta foi presentada polo **vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** nos termos que a seguir se reproducen:





Infórmase ao Consello de Goberno da solicitude presentada polos promotores Javier Cremades Ugarte e Rodolfo Barreiro Lozano, investigadores da UDC e por Alexandra Muíños Mirás e Antón Muíños Mirás para a creación dunha empresa participada pola UDC (Spin-off), coa denominación PHYCOSEM MARINE AGRONOMY, SL, ao amparo e co apoio expreso da UDC. A dita solicitude foi presentada nas oficinas da OTRI o pasado 16/03/2018. No informe de viabilidade preséntase unha valoración positiva dos documentos entregados e do traballo realizado polos promotores da iniciativa, e incide especialmente na compatibilidade da súa actividade pública coa privada. A viabilidade do proxecto empresarial, así como unha serie de informes solicitados a expertos externos fai aconsellable a creación e participación da UDC nesta *spin-off*. Esta iniciativa debe ser aprobada polo Consello Social da UDC que se presentará na reunión ordinaria desta mesma tarde. Pero, como é preceptivo, tamén se presenta a este consello para información e posibles suxestións.

Para a súa valoración positiva, ademais de cumprir cos requisitos solicitados polos distintos artigos que regulan a creación destas empresas, valórase que os promotores teñen unha dilatada carreira investigadora de máis de 25 anos no cultivo de macroalgas mariñas de interese alimentario en augas de Galicia. Ambos os investigadores, ao longo destes anos, desenvolveron técnicas de cultivo en laboratorio e no mar de gametofitos en *free-living* e produción de colectores de semente de *Undaria pinnatifida* (*wakame*) e posteriormente tamén de *Sacharina latissima* (*kombu de azúcar*). Esta experiencia investigadora fai que a proposta de creación da *spin-off* sexa considera oportuna e viable.

A proposta que figura como **anexo IV** foi aprobada sen votos en contra.

## **5. Proposta de aprobación do Sistema de Garantía de Calidade dos centros da UDC e da Escola Internacional de Doutoramento**

Foi presentada pola **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** que explicou que a modificación responde á experiencia acumulada na UDC desde a implantación, hai 10 anos, dos primeiros sistemas de garantía de calidade. Agradeceu o labor do grupo de traballo e do profesor da Universidade de Murcia, Antonio Díaz Cabanés, por preparar un sistema máis simple e racional, vinculado a unha nova aplicación. Unha vez aprobado, informou, será enviado á ACSUG.

**Moisés Canle** intervéñen para agradecer o labor de redución drástica da documentación esixida. Cuestiona, porén, a oportunidade de o facer nun momento en que varios centros –entre eles a Facultade de Ciencias– están en proceso de acreditación. Agarda que a nova aplicación sexa capaz de recuperar a información que xa está incluída na actual. En relación co sistema de garantía de calidade da EIDUDC expresa a súa preocupación porque se poidan crear problemas de xestión para o PAS adscrito ás UADI dos centros. Fala pensando en centros como a Facultade de Ciencias que xestionan, na actualidade, 10 títulos de grao e mestrado e 9 de doutoramento. Ao respecto da oportunidade da reforma, a vice-reitora



lembra que hai tempo que os responsables dos títulos viñan reclamando a simplificación dos procedementos e que, aínda que algúns centros estean co proceso de acreditación, non supón problema ningún. En canto á nova aplicación, o primeiro que se fixo foi pedirlle á empresa que os datos que xa están na plataforma poidan pasar á nova e dela para a ACSUG. É certo que a plataforma está pechada, mais vai ser reaberta cando os avaliadores teñan que acceder para realizaren a acreditación institucional. No que atinxe a esta acreditación institucional indica que as normas definitivas non se coñeceron até a Resolución do 8 de marzo. Que a ACSUG tampouco esclareceu gran cousa e recoñece que foi un proceso duro e complexo. Finalmente, afirmou que as UADI seguirán a facer o que veñen facendo, isto é, facilitar información etc.

Intervén o **reitor** para dicir que na memoria da RPT xa se indicada que as UADI terían como función realizar o seguimento dos títulos do centro. Reitera os parabéns para toda a xente que colaborou na elaboración do novo sistema.

A proposta, que figura como **anexo V**, foi aprobada sen votos en contra.

## **6. Proposta de aprobación da VII convocatoria do programa Docentia e do *Manual de avaliación da actividade docente do profesorado***

A proposta é presentada pola **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** quen informa que esta nova convocatoria, para o período 2011-2016, presenta poucas novidades respecto da anterior. Segue a ser un programa voluntario para o que se pide un mínimo de cinco anos, unha docencia mínima de 30 horas por ano e un número mínimo de enquisas contestadas (sendo isto unha esixencia da ACSUG: mínimo de 5 enquisas ou do 50 %).

A seguir toma a palabra a **María José Martín** para expresar a súa preocupación pola esixencia de 30 horas de docencia anual mínima porque a ANECA esixe, para a acreditación a TU, unha avaliación positiva no Docentia. Alén do máis, os anos que se avalían teñen que ser, no caso da UDC, consecutivos. Todo isto, afirma, prexudica o profesorado novo ou a quen estivese fóra e non impartise docencia durante esa estadía. Ollando para outras universidades hai solucións diversas: con carácter xeral, esíxese un período de cinco anos aínda que, concorrendo circunstancias excepcionais, cabe avaliar períodos inferiores. Propón tamén que se elimine o requirimento de docencia mínima de 5 anos e que se rebaixe a 2.

**Moisés Canle** interésase pola composición das comisións internas de avaliación co fin de lograr que os solicitantes deixen de ser avaliados polos seus compañeiros.

**Fernando Agrasar** suxire, no relativo ao número de anos que se avalían, que en vez de reducir o período se permita que os anos non sexan sucesivos.

**Fernanda Miguélez** intervén para solicitar que se inclúa na normativa que os membros da comisión avaliadora do programa Docentia pasasen a avaliación. Parece que tras varios anos con este programa aberto na nosa universidade xa



debería haber suficiente profesorado avaliado positivamente como para que non sexa un problema que a comisión avaliadora teña acreditado o mérito que se vulga.

A **vice-reitora** intervén para contestar estas preguntas aludindo, en primeiro lugar, ao período de 5 anos: sinala que este nunca variou e que hai profesorado á espera de se poder someter á avaliación. E que as universidades que permiten períodos inferiores fano por ligaren o Docentia cos quinquenios. En calquera caso lembra que a avaliación positiva da docencia non depende da superación do Docentia: tamén se pode acreditar por medio das enquisas. Mesmo hai universidades que, como a USC, abandonaron o Docentia e outras que nin sequera o chegaron a implantar. Acerca das comisións di que se barallou a presenza de membros externos, mais considerouse que isto dificultaría o coñecemento do funcionamento interno do centro. Sobre o coñecemento dos ítems obxecto de avaliación, responde a Fernanda Miguélez que a plataforma xa informa dos aceptados e dos rexeitados. E sobre a esixencia de que os avaliadores teñan superado o Docentia di que podería ser admitida. Neste punto intervén o reitor para lembrar que xa se pide que os avaliadores coñezan o sistema, (que o superasen).

Intervén de novo a **profesora María José Martín** para desmentir que todas as universidades que permiten períodos inferiores vinculen o Docentia cos quinquenios. Di ficar máis tranquila ao comprobar que a avaliación positiva da docencia pode ser acreditada a través de vías diferentes ao Docentia. Mesmo así, os requirimentos seguen a parecerlle restritivos.

A **vice-reitora** afirma que na convocatoria anterior xa foi rexeitada xente que non cumpría estas esixencias, tanto na quinta como na sexta (María José Martín aclara que ela se refería á terceira).

Toma a palabra o **reitor** para sinalar que a situación do Docentia na UDC non é comparable co que acontece noutras universidades. É un programa de avaliación e de melloría da docencia a través da avaliación do último quinquenio de docencia. Niso difire dos sexenios, pídesse que se trate dunha actividade docente recente e actual. Esa é a finalidade do programa, con independencia de que logo poida ter repercusións noutros ámbitos como as acreditacións. A redución do tempo de avaliación (ou a introdución de anos intermedios) distorce o modelo. Pénsese, por exemplo, na actividade docente no estranxeiro: concedéuselle a unha profesora e, ao cabo, saíu prexudicada porque no estranxeiro faltaban moitos elementos de avaliación (como as enquisas). Alén do máis, cando se usa o Docentia nunha acreditación iso supón que se vai tomar en consideración a nota e, nese sentido, pode ser máis favorable acudir ás enquisas da UDC. Finalmente, sinala que na rama de ciencias, ao se corresponder cun único centro da UDC, é imposible conseguir avaliadores desa rama que non pertenzan ao centro.

**María José San Martín** concorda co dito pola vice-reitora e retira a súa solicitude de modificación. Con todo, pide que se realice a convocatoria canto antes, co fin de

que o profesorado novo se poida avaliar. O reitor comprométese a estudar a proposta.

A **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** sinala que este ano, por problemas na Unidade Técnica de Calidade, non foi posible adiantar as convocatorias. Acrecenta o **reitor** que o custo administrativo de avaliar as evidencias é moi elevado.

A proposta, que figura como **anexo VI**, foi aprobada sen votos en contra

## **7. Proposta de aprobación dos calendarios académicos do curso 2018/19**

Foi presentada pola **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, quen informa de que non foi posible consensuar un calendario coas outras dúas universidades, alén de que o inicio do curso se produza na segunda semana de setembro e que a apertura oficial está previsto que se realice na Universidade da Coruña o día 7 de setembro, venres.

**Moisés Canle** lamenta que habendo titulacións interuniversitarias, cinco só na Facultade de Ciencias, non haxa calendarios unificados.

O **reitor** lembra que, na práctica, hai poucos días de diferenza. O que si varía é o xeito en que cada universidade o anuncia. Canto aos mestrados interuniversitarios, sinala que o que inflúe realmente neles é a data de inscrición. O futuro Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia terá entre as súas funcións a xestión dos mestrados interuniversitarios, aprobando normas comúns, as que agora se deben incluír nos convenios correspondentes.

**Carlos Vázquez Cendón** di que deixou hai pouco de ser coordinador dun mestrado de cinco universidades, cada unha cos seus propios días festivos locais. Considera que hai que se adaptar e actuar con flexibilidade.

A **vice-reitora** sinala que no grao de Paisaxe, ao longo dos dous primeiros anos, se vai aplicar o calendario da UDC, mesmo para a docencia que se imparta na Coruña.

A proposta foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo VII**.

## **8. Calendario de preinscrición e matrícula nos mestrados**

Presentou a proposta a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, que xustifica as modificacións introducidas pola conveniencia de facilitar a matrícula de alumnado estranxeiro.

Intervén o **reitor** explicando que se trata de que o estudantado saiba que dispón de prazas nos mestrados da UDC mesmo antes de rematar o grao.

Foi aprobado sen votos en contra, segundo figura no **anexo VIII**.

### **9. Proposta de convocatoria de corpos docentes universitarios**

Presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo IX**.

### **10. Proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado**

Presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo X**.

### **11. Proposta de autorización de anos sabáticos para o curso académico 2018/19**

Presentouna o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** e foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo XI**, a excepción das dúas solicitudes do Departamento de Expresión Gráfica Arquitectónica.

### **12. Proposta de nomeamento de profesorado honorario**

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** presentou a proposta que figura como **anexo XII** e que foi aprobada sen votos en contra.

### **13. Proposta de procedemento para a elaboración do POD do curso académico 2018/19**

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** presenta a proposta, en que salienta como novidades principais as seguintes:

- Que na alínea 1.1 da proposta se inclúe un programa de promoción a contratados doutores (CD) de profesores acreditados a titulares de universidade (TU) de calquera categoría.
- Que se introduce tamén un novo apartado segundo (definición de capacidade estrutural e de carga docente estrutural das áreas, en coherencia co PFSUG. A dirección de TFG e TFM considérase parte da docencia estrutural).
- Que na alínea 2.1 se precisa que, cando non for posible optar a unha nova contratación, as áreas deben asegurar a cobertura da docencia estrutural deixando sen efecto unha proporción de cada un dos recoñecementos aplicables, cunha repartición equitativa desta redución entre os docentes.

Intervén a seguir Fernanda Miguélez para lamentar que a norma de POD aplique unha excepción ao 70 % do POD.

O profesor **Pérez Valcárcel** advirte da existencia dun problema de base: o de cal sexa a porcentaxe que se vai deixar sen efecto (o **vice-reitor** esclarece que será a que en cada caso for preciso co fin de cubrir a docencia). Se unha área “A”, prosegue, ten exceso de docencia non se lle aplicarán unhas reducións das que, porén, si poderá gozar a área “B” que ten máis profesorado. Ao seu ver, o



problema está en que as compensacións están a se aplicar de forma inxusta e discriminatoria.

O profesor **Vázquez Cendón** pregunta para que se define a docencia estrutural xa que, na súa idea, isto vai supor unha restrición forte para a convocatoria de novas prazas estruturais. Penalízanse os departamentos que, por razóns de idade, teñen catedráticos de universidade (CU) e TU con poucos sexenios. Como se vai producir a redución? Eliminando profesorado temporal? Acerca da redución proporcional, entende que a forma de a realizar será fixar en cada departamento unha porcentaxe determinada para todo o profesorado.

**Luís Hervella** cuestiona tamén a necesidade do cálculo da docencia estrutural, xa que pode penalizar os departamentos con elevada actividade investigadora que teñan un número de PDI superior á súa docencia estrutural.

Pola súa parte, a profesora **María José Martín** pregunta se a promoción a contratado doutor se pode facer desde un contratado interino de substitución e, de ser así, se non sería mellor que promocionasen directamente a titular de universidade. Considera que se ningún departamento pode solicitar prazas estruturais que non figuren na OEP non é necesario introducir na normativa a definición de «docencia estrutural». Acrecenta que esixir 240 horas para a convocatoria de novas prazas estruturais sen tomar en conta a dedicación do profesorado do departamento condena os departamentos con maior actividade investigadora a cubrir as súas necesidades con profesorado interino. Sobre a redución proporcional das compensacións razoa que se hai que a aplicar cando non se poidan pedir novas prazas iso vai complicar en exceso a elaboración dos POD. Sobre a alínea 2.4 (asignación de tarefas docentes a contratados de investigación) di que non lle parece xusto que se utilice persoal predoutoral, que exerce esa docencia titorizado e non é responsable dun grupo nin pode avaliar, para cubrir ocos docentes. En ningún caso este persoal é equivalente ao profesorado contratado a tempo completo ou aos contratados de investigación de carácter posdoutoral. Solicita que se elimine este punto.

A profesora **Teresa López** intervén, como membro da COAP, indica que é certo que nesa comisión houbo asentimento porque, no esencial, o que fai a proposta é adaptar a normativa anterior ás novas circunstancias. Sinala que houbo debate acerca do que se deba entender por «docencia estrutural». Ao seu ver, é unha norma mellorable mais que, en todo caso, non pode resolver os desequilibrios preexistentes entre as diferentes áreas. Solicita, porén, que se actúe sobre eses desequilibrios a través de programas de promoción como o anunciado e, alén do mais, por medio de políticas de fomento da estabilidade do profesorado. Considera que se trata dunha norma continuista e que a definición de «docencia estrutural», mellorable no futuro, responde á necesidade de determinar dun xeito obxectivo cando se debe atender a necesidade de novas prazas.

**Fernando Agrasar** concorda coas anteriores intervencións, en especial coa de Pérez Valcárcel. Chama a atención sobre o feito de que as contratacións precarias poden ser o inicio dunha carreira docente.

**Alfonso Castro** solicita a volta á normativa do curso anterior.

**Sonia Souto** faise eco da solicitude dun director de departamento para que se lles teña en conta e sexa consultado o seu parecer.

**Moisés Canle** matiza que é necesario recoller no POD o labor dos/as investigadores/as predoutorais co fin de que poidan facer valer eses méritos en procedementos competitivos.

O **reitor** toma a palabra para reclamar coherencia institucional. Os bolseiros predoutorais que realizan actividades docentes deben figurar no POD. Os bolseiros FPI teñen que ter actividade docente de acordo cos termos da convocatoria, algo que na UDC se fai sen afectar á docencia das áreas.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** precisa que será na confirmación do POD, ao remate do curso, cando se teñan que reflectir as ausencias (p. ex., de persoal predoutoral). Sobre as porcentaxes de redución sinala que a realidade é a mesma de anos anteriores: cando non sexa posible atender todas as demandas de profesorado haberá unha segunda volta para propor unha porcentaxe de redución, tal e como se fixo o ano pasado. A idea é ir reducindo progresivamente as desigualdades entre áreas. Acerca da definición de docencia estrutural e capacidade de docencia explica que, p. ex., os bolseiros non contan no cálculo da «capacidade de docencia estrutural». Do que se trata é de facer unha foto que permita priorizar a decisión sobre novas prazas de reforzo para o POD. No pasado xa se debateu respecto disto no Consello de Goberno: agora xa contamos cunha normativa que permite determinar que prazas son estruturais e cales non. Sobre a capacidade docente (160/240 horas) indica que, formalmente, o retorno de 160 a 240 horas non é posible. Por iso se toma en conta a capacidade de 240 (que, por certo, é o que se pide cando se realiza unha OEP). Conclúe dicindo que o obxectivo último destas propostas é evitar a precarización do PDI: evitar contratacións precarias e promover a contratación estable.

A seguir intervén **María José Martín** dicindo que, daquela, o POD se fará coma sempre. Se se solicita unha praza e a resposta da Vicerreitoría é negativa, nesa mesma resolución indicárase a redución que se debe aplicar.

O **reitor** insiste en que é preciso diferenciar entre necesidades docentes reais (ou estruturais) e necesidades docentes inducidas pola normativa de dedicación da UDC. Algo similar ao que se trataba de lograr cos «cadros de persoal teóricos» da USC. Alén do establecido no Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia, a UDC inclúe nesa docencia estrutural a dirección de TFG e TFM e créase un programa para que as persoas acreditadas a titular de universidade (axudantes



doutor e contratados interinos de substitución) se poidan estabilizar como contratados doutores. Para o cálculo da docencia estrutural estímase unha media que atende á dedicación que marca a normativa vixente (a LOU e mais o PFSUG). Certamente, acrecenta, estamos a pór remendos, como dixo Teresa López, porque os intereses das áreas son contraditorios. Os desequilibrios, uns históricos e outros sobrevividos, non se poden resolver de vez. Queremos poder facer política de profesorado. E, aínda así, somos a universidade co PDI máis novo do SUG. Fomos quen de colocar enriba da mesa programas de estabilización e promoción do profesorado. E isto é o que temos que facer, a través de normas que permitan unha mínima planificación das tarefas docentes. Lograr isto é responsabilidade de todos e todas nós. E, finalmente, a respecto do correo electrónico dun director de departamento sinalou que a normativa foi debatida na COAP e no Consello de Goberno onde xa existe representación directa da dirección dos departamentos.

**María José Martín** pregunta de novo acerca de como se ha de aplicar o punto 2.1. En concreto, se os descontos só se aplicarán cando de non o facer se dea lugar á petición de novas prazas. Explica o reitor que non se trata de facer un algoritmo para resolver estas cuestións de forma automática, xa que iso sería ríxido de máis e non permitiría resolver as necesidades de cada caso concreto.

**Fernanda Miguélez** di que aplicar a proporcionalidade pode ser complicado xa que unha materia non pode ser cuberta con restos de poucas horas impartidos por profesorado diverso.

**Carlos Vázquez Cendón** reflexiona que, daquela, un departamento que non solicite novas prazas non debe ter problemas para renovar os contratos de PDI interino cos que xa conte.

O **reitor** esclarece que iso dependerá das necesidades docentes e do tipo de contrato: fai un chamamento para evitar contratacións precarias e camiñar cara a contratos a tempo completo. Expresa o seu desexo de que a negociación coas centrais sindicais faga posible chegar a unha normativa de dedicación adecuada. Porén haberá que contar con algunha que permita elaborar o POD.

**María José Martín** interésase de novo polo punto 1.2, preguntando cantas novas prazas se poderán convocar con esta normativa e que prazas estruturais á marxe da OEP poden ser solicitadas a través do POD. Conclúe advertindo que de non se eliminar o punto votará en contra da normativa.

O **reitor** esclarece que os contratados interinos de substitución (CIS) a tempo completo xa teñen a consideración de profesorado estable.

No mesmo sentido, o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** sinala que se atenderán prioritariamente as necesidades docentes que permitan a convocatoria de prazas a tempo completo. Engade que a PDA pode variar moito dun ano para outro.



O **reitor** lembra que hai dous anos se crearon 70 prazas de CIS a tempo parcial. Se unha área ten unha necesidade real procurárase contratar un CIS a tempo completo, non dividila en diversos contratos. Entendendo por necesidade real aquela que non obedeza simplemente a un efecto inducido da nosa normativa de dedicación. Para contratar un CIS ten que haber unha necesidade docente real, o equivalente a un cadro de persoal teórico.

**Carlos Vázquez Cendón** pregunta se, daquela, o CIS é profesorado estrutural.

O **reitor** contesta que o problema decorre da utilización do CIS, figura creada para satisfacer necesidades conxunturais, para a atención de necesidades estruturais. Será CIS estrutural aquel que cubra necesidades docentes estruturais a tempo completo.

**Sonia Souto** pregunta se hai CIS que impartan só 30 horas de docencia. O reitor responde negativamente, sinalando que iso son P3-P6. Continúa a profesora Sonia Souto preguntando se a norma mantén a restrición de contratación de axudantes non doutores. O reitor contesta que eses axudantes consumen o tempo de axudantes doutores que son os que crean compromiso de carreira profesional. Para manter o cadro de persoal temos que o renovar desde a base, non con profesorado precario.

**Susana Ladra** di non entender a necesidade de definir a «docencia estrutural» no punto 1.2. O reitor contesta que ese é, precisamente, o punto central da normativa, o que permite discriminar entre docencia real e necesidades de docencia non estruturais.

**Nona Inés Vilariño** manifesta o seu desacordo co reduccionismo de tentar ir a mínimos de dedicación e manifesta que a titorización do estudantado debe ser considerada docencia estrutural. Anuncia a súa abstención. O reitor explica que xa hai previstas 180 horas de titorías.

Finalmente, a proposta foi aprobada por 16 votos a favor, 3 en contra e 12 abstencións, segundo figura no **anexo XIII**.

#### **14. Aprobación, se proceder, dos Regulamentos de réxime interno dos departamentos de Dereito Público e Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas**

Foron presentados polo **secretario xeral** e aprobados sen votos en contra, segundo figuran no **anexo XIV.I e XIV.II**.

#### **15. Quenda aberta de intervencións**

**Xosé Portela** toma a palabra para se congratular porque a UDC defenda posturas contundentes na CRUE perante o caso Cifuentes. Refírese a seguir á migración ao sistema Office 365, indicando que o cambio coincide coa noticia de que a finais de



2017 contas de Microsoft sufriron un ataque. Pregunta se houbo algún estudo de seguranza previo á escolla deste sistema e solicita que, de o haber, sexa transmitido aos membros do Consello de Goberno. Di tamén que no último Consello de Goberno foi aprobada unha modificación da RPT que será sometida ao Consello Social. Pregunta se xa foi aprobada pola Consellaría de Facenda. Conclúe pedindo que se acelere a tramitación da nova OEP do PAS co fin de que se acumule ás anteriores.

**Luís Hervella** di que se subiu a Xescampus unha proposta de PDA que non foi previamente negociada cos decanatos, expresando o seu desgusto diante do que cualifica de posición de forza do equipo reitoral. Afirmar que a PDA penaliza a progresión do alumnado ao reducir grupos cando no centro se están a facer ben as cousas.

**Moisés Canle** expresa a súa preocupación polas consecuencias que a nova Lei de contratos do sector público (LCSP) terá sobre a docencia e a investigación. Explica que o volume de xestión se triplicou, que o negociado de asuntos económicos está superado e que hai risco de que a UDC experimente a parálise que xa están a sufrir outros OPI. Nega que sexa posible programar a contratación ligada coa actividade investigadora e cualifica a situación como moi grave.

O **reitor** di que a LCSP pode ser un problema nos primeiros anos, mais que a medio prazo vai facilitar a xestión económica. A única esixencia é un pouco de programación. O problema é xeral e afecta a todos os grandes centros de investigación. Informa de que na próxima semana haberá unha reunión da CRUE con responsables de investigación para ver como se fai a xustificación, ou sexa, como hai que facer cando veña unha auditoría. Transmitiu unha mensaxe de tranquilidade e afirmou que se está a traballar na procura da mellor solución.

**Moisés Canle** nega que en Europa funcionen de forma planificada.

O **reitor** concreta os catro aspectos en que a incidencia da LCSP é máis preocupante: viaxes, compra centralizada de libros, pequeno material informático e xestión da investigación. Mais reitera que é un problema compartido con todas as universidades e coas OPI. Sobre o Office 365 explica que, cando se adoptou a decisión de responder á demanda de incremento de espazo no correo electrónico, se valoraron tres plataformas: Google, Office e unha SW libre. A única delas que garantía onde estaban os datos, a súa reversión e o cumprimento do ENIS era Office 365. Pide confianza no traballo dos técnicos do Servizo de Rede e no responsable e o adxunto de novas tecnoloxías.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** di que o procedemento de PDA volveu ser o de sempre. Recoñece que en 2017 mudara, porque a proposta foi explicada aos responsables dos centros. Con todo, a posibilidade de celebrar reunións segue presente. O que sucedeu é que, coma sempre, cada centro terá



que facer a súa proposta, que será aprobada se é congruente coa normativa de PDA.

O **xerente** informa de que aínda non se recibiu a autorización da Consellaría de Facenda a pesar de realizar a solicitude antes do Consello de Goberno, o día 29 de marzo. Nese tempo houbo diversas conversas telefónicas, solucionáronse varios desacordos de matiz mais aínda seguimos á espera. Confirma que será sometida ao Consello Social desta mesma tarde e que cando chegue a autorización enviarase ao DOG e procurarase que a toma de posesión teña lugar o máis rapidamente posible. Sobre a OPE de 2018 di que se tomou nota das achegas da Xunta de Persoal do PAS e que a Xerencia elaborou unha nova proposta que proximamente será discutida. Di que está pendente de convocar o acceso libre correspondente aos anos 2015, 2016 e 2017 e a promoción interna de 2017. Falta adaptar as convocatorias e realízalas xa no mes de maio, uníndoas á OEP de 2018. Di que suporá un esforzo económico importante. Sobre a LCSP súmase ao dito polo reitor. Recoñece que se triplica a carga de xestión dos contratos menores –que é, lembra, unha fórmula excepcional– mais confía en que esta carga burocrática será menor cando se xeneralice o uso doutros procedementos ordinarios. Planificar é complexo, mais é obrigatorio. O contrato menor está, precisamente, para responder ás necesidades que non puideron ser programadas. Finalmente, recoñece o esforzo que están a realizar os negociados de asuntos económicos, antes co Sorolla e agora coa LCSP.

**Manuel Peralbo** pregunta como hai que facer a planificación. O **xerente** responde que este é un ano excepcional e que o normal será aprobala xunto cos orzamentos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a reunión ás 14:03 h.